

SOLICITUDE DE INFORMACIÓN A FUNCIÓN PÚBLICA SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO DECRETO DE PERSOAL INVESTIGADOR

Santiago de Compostela 01/03/24

UGT solicitou á Dirección Xeral da Función Pública información sobre:

- Si algunha das entidades do sector público autonómico procedeu xa á identificación e comunicación do seu persoal de investigación.
- A apertura da negociación do proceso extraordinario de estabilización dos supostos regulados na disposición adicional quinta.
- A concreción do inicio da negociación do Convenio Colectivo Marco de aplicación ás entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia, no que debe incluírse o complemento de desempeño, como un dos factores económicos a ter en consideración.

O pasado día 25 de xaneiro publicouse en DOG o Decreto 12/2024, do 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. O Decreto crea o **Rexistro de persoal de investigación do sector público autonómico**, como o instrumento de **ordenación para a identificación e recoñecemento das persoas profesionais da investigación** ao servizo da Administración xeral e das entidades integrantes do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

A identificación dos postos con funcións correspondentes a persoal de investigación, **correspóndelle ao centro a que estean adscrito o dito persoal**. Determina o Decreto o prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor do mesmo. **Cada centro ten a obriga de comunicarlle á consellería competente en materia de función pública os postos identificados** para tramitar a correspondente **modificación destes na RPT ou cadros de persoal** dos departamentos correspondentes, logo de negociación coas organizacións sindicais. Requirimos saber os pasos que deron neste sentido.

Así mesmo o Decreto determina o **proceso extraordinario de estabilización de persoal das fundacións de investigación biomédica ou sanitaria** que xestionan a investigación dos centros e institutos de investigación sanitaria do Sistema público de saúde de Galicia, concretando que as **fundacións de investigación sanitaria que non realizen o proceso extraordinario de estabilización do persoal da Lei 20/2021, convocarano e resolverano antes do 31 de decembro do ano 2024**. Requirimos saber os pasos que deron neste sentido.

Ao longo da negociación da norma reguladora citada a **Dirección Xeral da Función Pública**, e a **petición expresa de UGT**, asumiu o **compromiso de iniciar unha negociación** co fin de acadar un **Convenio Marco que unificase as condicións de traballo e salariais** das distintas entidades de carácter investigador e a súa aplicación a aquelas que carecen na actualidade de norma convencional aplicable. Requirimos saber os pasos que deron neste sentido

